

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 3 DE SETEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan bolsas de axudas dirixidas á realización e difusión de estudos e investigacións e á organización de xornadas ou congresos en materias relacionadas coas mulleres, especialmente no ámbito da violencia de xénero
- Acordo polo que se aproba o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2009

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INAFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o estudo informativo da conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos (Noia), de clave AC/09/112.00

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación galegas, para a realización do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-FOEXGA '2009. Importe: 3.579.272,50 euros
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria para o exercicio 2009 das axudas do IGAPE para a contratación de xestores de exportación

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dunha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e a

Xunta de Galicia para a construción en Ourense dun centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia e da Rede Natura 2000 por un importe de oito millóns cincocentos mil euros (8.500.000 euros)

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Protocolo específico do PLATERGA fronte ao risco de pandemias de gripe en Galicia (PEPGAL)
- Informe elaborado pola Comunidade Autónoma de Galicia (Consellerías do Mar e Sanidade) referente ás opinións científicas sobre biotoxinas mariñas emitidas pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Plan de Infraestruturas

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe para dar conta ao Consello da Xunta de Galicia do proxecto de orde pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións en réxime de concesión directa dirixidas aos traballadores e traballadoras en situación de desemprego para facilitar a súa mobilidade xeográfica e a súa participación en accións de orientación con cargo ao plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

A XUNTA PROMOVERÁ OS ESTUDOS E INVESTIGACIÓNS ARREDOR DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Goberno galego pon en marcha iniciativas para avanzar no coñecemento, prevención e erradicación da violencia de xénero*
- *Desde a Secretaría Xeral de Igualdade apoíarase, cunha partida de 360.000 euros, a realización e difusión de estudos, investigacións e xornadas sobre materias relacionadas coa violencia de xénero*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo polo que se convocan axudas dirixidas a promover estudos, investigacións e xornadas ou congresos en materias relacionadas principalmente coa violencia de xénero.

A convocatoria de axudas da Secretaría Xeral da Igualdade, dotada con 360.000 euros, ten o obxectivo prioritario de potenciar liñas de estudo, análise e investigación relacionadas coas mulleres nas áreas da violencia de xénero, e de xeito secundario noutras áreas de interese para o avance na igualdade entre mulleres e homes.

Tratarase de analizar desde unha perspectiva integral diversas temáticas, que fomentando a igualdade entre mulleres e homes, poidan colaborar a crear un contexto propicio para a erradicación da violencia de xénero e o apoio ás vítimas de violencia.

Co fin último de previr e abordar este grave problema social, o Goberno galego pretende implicar diversos actores sociais na loita contra a violencia de xénero, a partir da investigación das medidas preventivas e de solucións, ademais de campañas informativas, formativas e de sensibilización.

A participación de axentes sociais e profesionais contribuirá á sensibilización e difusión das actividades que se van levar a cabo, á vez que proporcionará recursos para mellorar as estratexias de loita contra a violencia de xénero.

Temática

A área prioritaria para centrar estas investigacións, estudos ou xornadas será a violencia de xénero. Dentro dela, búscase estudar a transmisión de actitudes violentas a través de estereotipos e valores; as formas, causas e consecuencias da violencia contra as mulleres en Galicia; o *mobbing* ou acoso sexual no traballo; as repercusións nos menores; a situación social e laboral das mulleres afectadas; o tratamento do tema nos medios de comunicación ou a perspectiva masculina do problema, entre outros.

Violencia de xénero

O Goberno galego, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, seguirá traballando de

xeito prioritario na implementación de políticas a prol da igualdade, e especialmente con iniciativas coma esta que amosan o seu máximo compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

A XUNTA APROBA O PLAN QUE RECOLLE AS SÚAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DURANTE O ANO 2009

- *Caracterízase pola inclusión de novos avances orientados a conseguir unha maior calidade e eficacia da cooperación galega, a través dunha mellor coordinación institucional e unha maior coherencia de actuacións*
- *O orzamento para este ano será de 11,5 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou o Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2009, un informe que recolle o conxunto de actuacións que a Xunta de Galicia está a desenvolver no eido da cooperación ao desenvolvemento, en cumprimento dos obxectivos previstos no I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009. O orzamento da Xunta de Galicia para este cometido será de 11.598.724 euros. Sobre este documento emitiu informe favorable o pasado 28 de xullo o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e as comisións Interterritorial e Interdepartamental na devandita materia.

O Plan 2009, desenvolvido pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, caracterízase pola inclusión de novos avances orientados a conseguir unha maior calidade e eficacia da cooperación galega, a través dunha mellor coordinación institucional e unha maior coherencia de actuacións. Neste sentido, supón a consolidación de determinadas ferramentas e medios de actuación que impliquen un avance desde unha cooperación baseada en proxectos de curto prazo, de reducida dimensión, cara a outra baseada en proxectos máis ambiciosos a medio e longo prazo; así como en programas de desenvolvemento integral que axuden a garantir o cumprimento de criterios da 'Declaración de París' sobre eficacia da axuda: apropiación, aliñamento, harmonización, xestión orientada a resultados e mutua responsabilidade.

No relativo á cooperación desenvolvida a través das convocatorias públicas de axudas a organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD) e demais axentes galegos de cooperación, este ano foron publicadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE diversas convocatorias destinadas a proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes, proxectos de sensibilización e fortalecemento, microproxectos e programas ou grandes proxectos destes organismos. Para todas estas convocatorias destináronse máis de 7 millóns de euros.

Aposta pola cooperación directa

Doutra banda, o departamento dedicado ás relacións exteriores aposta firmemente pola continuidade da cooperación directa, considerando que a Administración galega

debe implicarse directamente na colaboración e na implantación e mellora dos sistemas públicos básicos (educación, saúde, servizos sociais, etc.), así como naqueles espazos a que non chegan outros axentes (xestión pública, descentralización, fortalecemento institucional, etc.).

Neste sentido, xa están en marcha intervencións de desenvolvemento integral en países como Guatemala (Oxlajuj Tz'ikin) ou a República Dominicana (mellora do Barrio de Santa Lucía –La Mosca). Tamén se incrementou substancialmente a colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade -que canaliza a axuda oficial ao desenvolvemento que achegan anualmente dos seus orzamentos concellos e deputacións galegas- e potenciouse a colaboración coas universidades galegas e os seus institutos e fundacións en ámbitos como a formación, sensibilización e educación para o desenvolvemento.

A cooperación directa tamén se leva a cabo a través de organismos multilaterais de cooperación, como se plasma este ano na sinatura de varios convenios como o de accións de mellora da prevención de violencia de xénero mediante a estratexia educativa a mozos e formación ao persoal de policía en Honduras; ou desde outros departamentos da Xunta de Galicia. Consellerías como as do Mar, Sanidade ou Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio, destinan fondos para a cooperación ao desenvolvemento para a realización de proxectos e programas no exterior nas súas respectivas áreas sectoriais. Outros departamentos, como as consellerías de Traballo e Benestar e Facenda, están tamén a colaborar no apoio técnico de accións de cooperación.

Pola súa banda, especial fincapé no Plan 2009 meréceo a formación sobre cooperación, sensibilización e educación para o desenvolvemento. Neste eido destaca o programa de bolsas de formación de expertos en cooperación exterior, o *Master en xestión da cooperación internacional e das ONGD* (USC) e o *Curso de formación específica de postgrao en cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONGD* (UDC).

Axencia Humanitaria de Galicia

No tocante ao eido da acción humanitaria e da axuda de emerxencia -á que se destinan case un 7% dos fondos de cooperación- a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia estanse a implementar actuacións con tres obxectivos principais: apoiar a poboacións en situación de crise humanitaria ou emerxencia mediante a realización de acordos de colaboración con entidades con presenza no terreo; potenciar a relación da Axencia con outros actores do sector da acción humanitaria e fortalecer o traballo a prol da acción humanitaria desde Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O EXPEDIENTE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DA VARIANTE DE NOIA PARA RECUPERAR O TRAZADO INICIAL, QUE ANULOU O GOBERNO BIPARTITO

- *As obras do viaduto e do resto da variante executaranse seguindo as recomendacións expresadas na declaración de impacto ambiental favorable e do informe da Consellería do Mar*
- *A alternativa sobre a ría evitará o núcleo de Eiroa e conectará co corredor Brión-Noia na marxe esquerda da ponte de Ceilán (viaduto do río Tambre)*
- *O trazado recuperado é ambientalmente viable de acordo co informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental*
- *A previsión do Goberno galego para a apertura ao tráfico desta nova infraestrutura é o ano 2011*
- *A aposta pola alternativa 2 da variante de Noia, fronte ao proxecto do Goberno bipartito, implica unha redución significativa do custo real desta infraestrutura*
- *A variante sobre a ría de Noia tan só afecta unha casa, mentres que a alternativa interior afecta de xeito directo tres casas*
- *Nesta mesma liña, o impacto sobre o territorio da chamada variante interior é notablemente superior que a solución da ponte, posto que esta última ocupa algo menos de 100.000 metros cadrados e a interior un total de 800.000*
- *A alternativa 2 da variante recibiu 110 alegacións no período de información pública, fronte ás 2.342 da opción interior defendida polo anterior Goberno*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente de información pública e o estudo informativo da conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos (Noia). Cómpre sinalar que o estudo informativo foi aprobado tecnicamente o pasado 28 de maio de 2009 e a continuación someteuse a información pública (cumprindo o previsto no artigo 15 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia) durante un prazo de 30 días hábiles.

Simultaneamente, someteuse a informe das administracións afectadas para que, nun prazo de dous meses, examinasen se o trazado proposto é o máis axeitado para o interese xeral e para os intereses das localidades afectadas. Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas mantívose un contacto permanente cos concellos afectados polo proxecto desta infraestrutura, que foron informados de xeito continuo.

Cómpre sinalar que a variante sobre a ría de Noia, alternativa defendida pola actual Xunta, tan só afecta unha casa, mentres que a alternativa interior afecta de xeito directo tres casas. Nesta mesma liña, o impacto sobre o territorio da chamada variante interior é notablemente superior que a solución da ponte, posto que esta

última ocupa algo menos de 100.000 metros cadrados e a interior un total de 800.000. Ademais, a alternativa 2 da variante recibiu 110 alegacións no período de información pública, fronte ás 2.342 da opción interior defendida polo anterior Goberno

Evitar as afeccións ambientais

A variante de Noia conta coa declaración de impacto ambiental favorable e co informe positivo da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar. As obras do viaduto e do resto da variante executaranse seguindo as recomendacións expresadas en ambos os documentos, co fin de evitar as posibles afeccións ambientais. Así, empregarase un método construtivo que minimize a necesidade de recheos temporais, colocaranse barreiras de xeotil arredor dos recheos, para evitar arrastres e filtracións, e barreiras absorbentes na zona de traballo, tal e como se está a realizar na variante de Outes, actualmente en fase avanzada de execución.

Consciente da necesidade de preservar a calidade das augas desta zona, a Consellería de Medio Ambiente tamén establecerá, dentro dun programa de vixilancia ambiental, un seguimento continuo da calidade das augas. Tamén se creará unha comisión de seguimento da execución da obra que estará formada por técnicos da empresa construtora, da Consellería do Mar, de Intecmar e do sector pesqueiro-marisqueiro afectado pola execución da ponte. Así mesmo, teranse en conta todas estas entidades na elaboración dun calendario consensuado de obras.

Variante de Outes

A alternativa que defende o Goberno de Núñez Feijóo tamén está avalada pola realización dunha obra similar sen ningún tipo de problemas, como é a variante de Outes, outra das vías que está chamada a ordenar as comunicacións deste territorio e cuxo orzamento ascende a 21,1 millóns de euros. Na actualidade, xa ten executado case o 30% da obra.

O proxecto da variante de Noia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comunicou a comezos de xuño que retomaba a alternativa 2 para a construción da variante de Noia, anulada polo Goberno bipartito. Neste sentido, o departamento que dirixe Agustín Hernández aprobou provisionalmente naquel momento o estudo informativo de conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos (Noia), que recolle a construción da ponte sobre a ría de Noia.

A Consellería pagará as obras cun orzamento total de 35.728.720 euros, o que implica unha redución significativa do custo desta infraestrutura fronte á proposta do Goberno bipartito.

A alternativa 2 da variante de Noia, que estará rematada en 2011, evitará o núcleo de Eiroa e conectará co corredor Brión-Noia pola marxe esquerda da ponte de Ceilán (viaduto do río Tambre). O cambio de trazado -respecto do formulado na anterior lexislatura do Goberno bipartito- responde á necesidade de conectar o final da ponte co corredor Brión-Noia, coa finalidade de ofrecer aos cidadáns unha auténtica variante. O obxectivo do novo proxecto é unir as dúas marxes da ría de Noia e estas con Santiago de Compostela, Porto do Son e Muros, evitando o paso dos tráfico de tránsito polo centro urbano da cidade, que deste xeito se verá sensiblemente desconxestionado.

Ademais, a Xunta de Galicia impulsará a construción dunha estrada convencional entre o corredor Brión-Noia e a estrada de Boiro, así como un plan de sinalización e mellora de vías no concello de Lousame.

Segundo os estudos do Goberno galego, no ano 2013 un total de 2.750 vehículos diarios escollerán esta vía para realizar os seus desprazamentos, o que implica unha redución do volume de tráfico de máis dun millón de vehículos ao ano, aínda que a cifra se elevará dun xeito significativo nos meses de verán por mor do tráfico das praias.

A día de hoxe o proxecto segue avalado desde o punto de vista económico, xa que require un investimento menor porque o trazado é máis curto e precisa menos viadutos, túneles ou enlaces complexos para carrís lentos. Desde o punto de vista ambiental, implica un menor impacto na práctica totalidade dos indicadores estudados.

Tamén é mais vantaxoso desde o factor territorial, porque ten unha mellor conectividade coas vías principais da zona, xa que esta infraestrutura conectará cos dous extremos do concello de Noia.

O trazado

A alternativa da ría, tamén coñecida como Alternativa 2, ten unha lonxitude de 4.857 metros e unha largura de máis de 10 metros, na que se inclúen beirarrúas para facilitar o acceso aos viandantes. Na ponte sobre a ría engadirase un paseo peonil de 2,5 metros de largo, que contará con ramplas de acceso no Testal e A Barquiña.

A variante parte do núcleo de Taramancos, onde se separa da AC-550 e se dá prioridade á nova vía. Unha vez superado o enlace, o trazado discorre ao norte do núcleo e presenta un paso superior sobre a variante para restituír un camiño de conexión entre a costa e Taramancos. A continuación sitúase o semienlace de Punta Rebordiño, que permite o acceso e saída dos vehículos da zona do Testal co norte de Noia.

O trazado continúa coa ponte sobre a ría, cunha lonxitude de 1.470 metros, que salva ademais a estrada de acceso ao Testal. Por outro lado, o desembarco da estrutura na zona nordés de Noia pasará por riba da actual rede viaria existente nesta zona.

A variante xira cara ao nordés evitando, mediante un viaduto, a zona de aparcadoiro do centro comercial existente neste núcleo e unha rúa próxima. No final do trazado, construírase un enlace tipo glorieta baixo a estrada, que servirá de conexión coa C-550.

En definitiva, a obra mellorará as comunicacións entre Porto do Son e Muros, permitindo un aforro de 10 quilómetros, e entre Porto do Son e Santiago, reducindo en 4 quilómetros a distancia actual.

O obxectivo final é que as comunicacións entre Noia e Santiago de Compostela se reduzan ata os 22 minutos, o que supón unha mellora no tempo de percorrido dun 37% fronte aos 35 minutos que son necesarios na actualidade. Así mesmo, optimizaranse as conexións das dúas marxes da ría.

Tanto a variante de Noia como as novas vías de conexión con Santiago e Muros transformarán o mapa viario de Noia e a súa comarca, beneficiando dun xeito especial os máis de 40.000 habitantes de Noia, Outes, Muros e Porto do Son

O GOBERNO GALEGO APOIA A INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS CON 1,7 MILLÓNS DEDICADOS AO PLAN DE FOMENTO DAS EXPORTACIÓNS GALEGAS

- *O departamento que dirixe Javier Guerra impulsa o deseño de actuacións que favorezan actitudes empresariais dinámicas cara á internacionalización e, ao mesmo tempo, complementen o esforzo das firmas galegas para crecer no exterior*
- *A proxección das empresas galegas, impulsada con este tipo de iniciativas nos mercados internacionais é un dos obxectivos fundamentais que ten marcados o departamento de Economía e Industria da Xunta*

O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras de comercio, industria e navegación galegas para a realización do Plan de Fomento das Exportacións Galegas-Foexga 2009.

A achega económica do Departamento de Economía e Industria da Xunta ascende a 1,7 millóns de euros e será destinada a alcanzar un posicionamento máis competitivo das empresas galegas e dos produtos e servizos nos mercados exteriores.

O obxectivo da Consellería de Economía e Industria é conseguir un posicionamento máis sólido e competitivo da industria e empresas galegas no mercado mundial así como manter o dinamismo do noso comercio exterior, favorecendo o acceso a novos mercados, a apertura de canles de comercialización e proxectos de cooperación con empresas doutros países, os investimentos no exterior e a formación e información axeitada para acometer con eficacia estratexias de expansión, incorporando máis empresas, mercados e produtos ao proceso de internacionalización da economía galega.

Deste xeito, o departamento que dirixe Javier Guerra impulsa o deseño de actuacións que favorezan actitudes empresariais dinámicas cara á internacionalización e, ao mesmo tempo, complementen o esforzo das firmas galegas para crecer no exterior.

Esta iniciativa busca axudar aos emprendedores a seren mais dinámicos e apoiar o intercambios empresariais e asentar lazos de cooperación entre as empresas máis dinámicas globalmente.

Desde o departamento de Economía e Industria da Xunta considérase que no contexto económico mundial cada vez máis tecnolóxico, aberto e globalizado, a promoción internacional das empresas, a cooperación internacional tanto empresarial como institucional é fundamental a atracción de investimentos do exterior, contando con estes tres eixes da máxima importancia para o desenvolvemento estratéxico do

tecido produtivo, que son un elemento clave para a dinamización e competitividade da economía galega.

E en concreto, unha das tarefas prioritarias da Consellería de Economía e Industria é impulsar a promoción e internacionalización das industrias e empresas galegas incentivando o desenvolvemento de estratexias que contribúan ao seu dimensionamento e capacidade no mercado internacional.

A XUNTA FOMENTA A INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS CON 1 MILLÓN DE EUROS DESTINADOS Á CONTRATACIÓN DE XESTORES DE EXPORTACIÓN

- *A liña de axudas complementa o programa de bolseiros de promoción exterior do Igape e facilita a incorporación de especialistas en comercio exterior ás empresas galegas*
- *Esta iniciativa englóbbase na estratexia marcada pola Consellería de Economía e Industria de cara a impulsar a internacionalización das empresas para lograr atraer á nosa comunidade un maior número de investimentos e, ao mesmo tempo, aumentar a carteira de clientes das empresas galegas no eido internacional*

A Consellería de Economía e Industria abre unha nova liña para apoiar a internacionalización das empresas galegas mediante a concesión de axudas destinadas á contratación de xestores de exportación polas propias empresas, por consorcios con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores ou clústers de carácter empresarial que estean domiciliados en Galicia e que representen colectivos de empresas galegas. Para este fin, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) destinará 1 millón de euros, segundo os compromisos plurianuais de gasto que autorizou o Consello da Xunta.

O obxectivo destas axudas é impulsar as exportacións e a internacionalización das empresas galegas facilitando, ao mesmo tempo, a colocación de especialistas en comercio exterior. As empresas ou organismos intermedios solicitantes deben presentar, xunto coas solicitudes, un proxecto de internacionalización para o que se require contratar un especialista en comercio exterior. A contía da axuda achegada polo Igape cubrirá o 75% do salario bruto anual correspondente ao primeiro ano de contratación a tempo completo destes profesionais, cun límite máximo de 15.000 euros en Galicia e de 25.000 euros no estranxeiro.

Esta iniciativa englóbbase na estratexia marcada pola Consellería de Economía e Industria de cara a impulsar a internacionalización das empresas para lograr atraer á nosa comunidade un maior número de investimentos e ao mesmo tempo aumentar a carteira de clientes das empresas galegas no eido internacional.

Con este programa de apoios á contratación de xestores de exportación, o Instituto dependente da Consellería de Economía e Industria quere dar un paso adiante para complementar o seu programa de bolsas de promoción exterior facilitando a inserción laboral dos especialistas formados e doutros titulados con formación neste eido, que se inscribiron na Bolsa de Xestores de Exportación, aberta no portal www.igape.es. Unha plataforma que xa suma máis de medio cento de especialistas en comercio

exterior que se presentan como candidatos para traballar como xestores de exportación nas empresas beneficiarias desta liña de axudas.

O prazo de presentación de solicitudes ao abeiro da convocatoria de xestores de exportación correspondente a 2009 abrirase coa publicación das bases reguladoras do *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 15 de setembro de 2010.

O CONSELLO AUTORIZA UNHA ADDENDA AO CONVENIO CO GOBERNO CENTRAL PARA O FUTURO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS PARQUES NATURAIS DE OURENSE

- *O Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño achegará 7 millóns de euros para financiar este centro, e a Consellería do Medio Rural os 1,5 millóns restantes, ata completar o orzamento total de 8,5 millóns*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción dunha addenda ao Convenio asinado en xullo de 2008 entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño para a construción dun Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galicia e da Rede Natura 2000 no concello de Ourense.

Esta addenda ten por obxecto reaxustar a distribución en diferentes anualidades das achegas da Xunta e do Ministerio.

En concreto, o Goberno galego, a través da Consellería do Medio Rural, achegará un total de 1,5 millóns de euros, repartidos no período 2009-2012, para o equipamento museístico do devandito Centro de Interpretación. Este investimento da Xunta estará cofinanciado con fondos FEDER nunha porcentaxe do 70%.

Pola súa banda, o Ministerio achegará un total de 7 millóns de euros, que servirán para financiar a construción do edificio que acollerá o centro. Así, o orzamento total do proxecto ascende a 8,5 millóns de euros.

EMERXENCIAS E INTERIOR PRESENTA UN PROTOCOLO PARA GARANTIR O NIVEL DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS BÁSICOS ANTE OS POSIBLES PROBLEMAS DERIVADOS DA GRIPE A

- *O protocolo prevé a posta en marcha dunha serie de medidas non sanitarias para cumprir o obxectivo de que os cidadáns dispoñan dos servizos esenciais no caso dunha pandemia*

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, presentou ao Consello da Xunta un protocolo especial para a vixilancia dos servizos públicos esenciais fronte ao risco de pandemia de Gripe A na Comunidade Autónoma galega.

Mediante unha acción coordinada coa Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, o departamento de Emerxencias e Interior porá en marcha unha serie de medidas non sanitarias para a axuda aos cidadáns ante unha posible diminución dos servizos fundamentais provocada pola pandemia.

O plan de actuación céntrase no control do nivel de servizos esenciais cando poida ser consecuencia dunha epidemia infecciosa, que poida perturbar o mantemento dos servizos esenciais de abastecemento á poboación, como por exemplo a subministración de enerxía, menciñas e alimentos e a plena operatividade dos servizos de emerxencias e atención sanitaria, entre outros.

Dado que o protocolo especial de protección civil fronte ao risco de pandemia persegue garantir a plena operatividade dos equipos de emerxencias, requiriranse os correspondentes plans de continxencia contra a epidemia a todos os compoñentes dos sistemas de planificación da Central de Emerxencias 112 Galicia, consorcios de bombeiros e servizos de urxencias dependentes dos municipios.

O Plan galego de preparación para a resposta á pandemia de gripe A tamén ten establecida unha clasificación dos sectores e servizos considerados básicos para a poboación. Así, no que respecta á seguridade do territorio, son esenciais para a protección da cidadanía as autoridades políticas, as forzas da orde, as unidades do Exército, Protección Civil, o persoal de extinción de incendios e salvamento e o da Administración de Xustiza.

Tamén se inclúen os recursos de saúde pública e a asistencia sanitaria, os servizos de Urxencias 061 e a Cruz Vermella, no que se refire ao eido sanitario. No sector servizos, son importantes o persoal dedicado á atención de persoas con discapacidades e terceira idade, abastecemento de auga, servizos penais, seguridade

privada, comunicacións, transporte, servizos mínimos de caixeiros automáticos, o saneamento municipal e a recollida de lixo. En canto ao sector industrial, resulta esencial manter o nivel de produción da industria médica, enerxética e alimentaria.

A XUNTA DEFENDERÁ ANTE A UE OS VALORES DE TOXICIDADE VIXENTES E OS MÉTODOS ANALÍTICOS PARA A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS DO MAR

- *O Consello da Xunta analizou un informe elaborado polas consellerías do Mar e Sanidade*
- *O informe demostra a eficacia desde hai máis de 50 anos dos controis que están vixentes sobre a protección da saúde pública*

A Consellería do Mar presentou esta mañá no Consello da Xunta o contido do informe que o Goberno galego ten previsto presentar nas vindeiras semanas ante a Comisión Europea para defender a continuidade dos actuais límites de control dos índices de toxicidade para a comercialización dos produtos do mar.

Este documento achega a valoración epidemolóxica, datos históricos de episodios tóxicos e impacto económico do sector e presentárase á Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) e aos grupos de traballo da Comisión Europea de cara a defender os actuais límites legais de control de biotoxinas fronte aos novos límites propostos que supoñen uns niveis máximos de presenza de biotoxinas substancialmente inferiores aos que existen na actualidade.

Entre as consideracións incluídas neste informe -elaborado polos técnicos da Consellería do Mar e da Consellería de Sanidade- lémbrese que os actuais límites legais para o control da salubridade dos moluscos mariños amosaron a súa eficacia na protección da saúde pública desde hai máis de 50 anos non só en Europa senón tamén en Estados Unidos e noutros moitos países.

Así mesmo, o informe indica que a rebaixa destes niveis -tal e como pretende a Unión Europea- non aumentaría unha seguridade que xa está en cotas máximas, pero si podería ter serias consecuencias sobre o sector mexilloeiro, vital para a economía da Galicia costeira. No seu contido asegúrase que de utilizarse como límite o proposto pola Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, algunhas zonas mexilloeiras de Galicia incrementarían os seus días de peche por biotoxinas nun 200%.

Dos 5 límites de biotoxinas que propón rebaixar a EFSA, destacan os das toxinas paralizantes (PSP) que na actualidade están en 800 μg / kg con base no que establece o Regulamento (CE) n^o 853/2004, anexo III fronte ao nivel proposto que está en 75 μg / kg.

Desde que a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) publicara por petición da Comisión Europea a súa proposta de rebaixar os niveis de toxinas para os

produtos marisqueiros, os responsables da Consellería do Mar amosaron publicamente o seu desacordo con esta proposta. Por iso, desde a Xunta de Galicia se decidiu realizar este estudo que demostra que os actuais niveis de control que están vixentes son perfectamente seguros para a saúde pública.

O PLAN MOVE 2010-2015 PREVÉ UN INVESTIMENTO DE 4.192 MILLÓNS DE EUROS PARA CONSTRUIR 408 NOVOS QUILÓMETROS DE VÍAS DE ALTAS PRESTACIÓNS E COMPLETAR A REDE DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DE GALICIA

- *Trátase do primeiro plan viario que se presenta en Galicia en que as infraestruturas deixan de ser o obxectivo final da planificación para converterse nun medio de alcanzar a mellora da mobilidade*
- *O plan presentado hoxe prevé prazos concretos para a finalización das infraestruturas viarias e a súa posta a disposición dos cidadáns, o que implica un nivel de compromiso moito maior que o Plan Director de Estradas*
- *Entre os obxectivos do plan cómpre destacar as melloras de seguridade viaria, o fomento da accesibilidade dos núcleos urbanos e do uso de transporte público, así como a flexibilización do sistema de peaxes nas autoestradas galegas*
- *O Plan MOVE define unha nova clasificación da rede viaria de Galicia tendo en conta a súa funcionalidade, articulando a rede en vías de altas prestacións, en vías estruturantes, vías complementarias e de rede local*
- *As actuacións de seguridade viaria terán unha especial transcendencia dentro da planificación viaria da Xunta, co obxectivo de reducir no horizonte de 2013 a sinistralidade nas estradas de titularidade autonómica*
- *Prevé programas de apoio para mellorar a seguridade do transporte a través de aparcadoiros disuasorios, e a mobilidade das áreas metropolitanas, a través de áreas de parada*

O Consello da Xunta foi informado hoxe do Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica de Galicia 2010–2015 (MOVE), un documento que establece as directrices que permitirán completar a rede de infraestruturas de transporte da comunidade autónoma no marco dunha concepción estratéxica e global do territorio.

Trátase, segundo o Goberno galego, do primeiro plan viario que se presenta en Galicia en que as infraestruturas deixan de ser o obxectivo final da planificación e pasan a converterse nun medio para alcanzar a mellora da mobilidade dos galegos con carácter equitativo, universal e global.

Neste cambio conceptual reside unha das principais diferenzas con respecto ao Plan Director de Estradas de Galicia, que o actual Goberno atopou en tramitación e que se integra no Plan MOVE, coas achegas froito da información pública e das incorporacións de actuacións adicionais que se inclúen neste novo documento.

Outra das novidades clave do plan presentado hoxe é que establece prazos concretos para a finalización das infraestruturas viarias e a súa posta a disposición dos cidadáns.

Os obxectivos do Plan MOVE 2010-2015 céntranse nos seguintes puntos básicos:

- Completar a rede de infraestruturas de transporte de Galicia.
- Mellorar a accesibilidade dos núcleos urbanos da Comunidade Autónoma.
- Garantir que o 80% da poboación de Galicia se sitúe a menos de 10 minutos dunha VAC.
- Mellorar a seguridade viaria, reducindo nun 50% o número de vítimas de accidentes de circulación nas estradas galegas
- Elevar os investimentos para mantemento, conservación e explotación da rede.
- Fomentar o emprego de transporte público, facilitando o acceso ás cidades e creando unha rede operativa e eficaz de aparcadoiros disuasorios.
- Flexibilizar o sistema de peaxes nas autoestradas galegas atendendo a criterios de coherencia, universalidade e progresividade. As peaxes non serán unha barreira para a mobilidade dos galegos e galegas.

Aínda que o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica se substanciará na súa maioría entre o vindeiro ano e o 2015, existen actuacións que se prolongarán mais aló do dito período, polo que se establece un segundo horizonte temporal ata o ano 2020 (data de finalización do PEIT do Estado).

Nova clasificación viaria

O Plan MOVE establece unha nova clasificación da rede viaria galega tendo en conta a súa funcionalidade, articulando a rede en vías de altas prestacións, vías estruturantes, vías complementarias e rede local. O investimento nesta rede previsto para o período 2010 – 2015 ascende a un total de 4.192 millóns de euros.

No que se refire a vías de altas prestacións, o orzamento previsto ascende a 1.346 millóns de euros, que permitirán poñer en servizo 408 quilómetros de novas vías, o que suporá ter no 2015 un total de 742 quilómetros de vías de altas prestacións, multiplicando por máis de 2 (2,22) os quilómetros de vías de altas prestacións de titularidade autonómica existentes na actualidade.

As vías estruturantes son aquelas de novo trazado que melloran as estradas existentes e que articulan o territorio, así como as variantes de poboación. Recibirán unha dotación de 459 millóns de euros, que permitirán poñer en servizo no horizonte de 2015, 99 quilómetros de novas estradas.

O programa de actuacións en vías complementarias disporá dunha dotación orzamentaria de 588 millóns de euros e incluírá a mellora das estradas de menor intensidade de tráfico, incluíndo rectificacións puntuais de trazado, o que supón unha

mellora notable sobre as actuacións levadas a cabo ata a data, nas que unicamente se actuaba na plataforma existente.

Áreas metropolitanas e cidades

Ademais destas actuacións, o plan prevé programas de apoio para mellorar a seguridade do transporte a través de aparcadoiros disuasorios, cunha dotación de 37 millóns de euros, e a mobilidade das áreas metropolitanas, a través de áreas de parada con 42 millóns de euros.

O Plan MOVE recolle os plans viarios da principais áreas metropolitanas. Tres delas contan xa con plans viarios sectoriais aprobados e nas restantes catro, a intención do Goberno da Xunta é tramitar e aprobar os referidos documentos de planificación, partindo do consenso con todas as administracións implicadas, como no seu momento se fixo na Coruña, Ferrol e Santiago.

No correspondente á rede de titularidade autonómica nas sete grandes cidades, o investimento do plan será de 528 millóns de euros: 172 na Coruña, 40 en Santiago, 42 en Ferrol, 18 en Lugo, 34 en Ourense, 67 en Pontevedra e 155 millóns de euros en Vigo.

O programa de mantemento e conservación disporá dun orzamento de 680 millóns de euros, aos cales haberá que sumar 340 millóns para actuacións específicas de seguridade viaria (aumento de largos da plataforma, mellora do firme, mellora da drenaxe e do firme, sinalización, balizamento, barreira de motoristas...), así como 103 millóns para o desenvolvemento de sendas peonís ao longo dos itinerarios existentes.

Seguridade viaria

As actuacións de seguridade viaria terán unha especial transcendencia na nova planificación viaria da Xunta, co obxectivo de reducir no horizonte do 2013 a sinistralidade nas estradas de titularidade autonómica, diminuindo nun 50% o número de falecidos. Este obxectivo substanciarase coa eliminación dos treitos de concentración de accidentes, a mellora das condicións das estradas, as actuacións en sinalización e balizamento, así como a implantación das proteccións para motoristas nas estradas autonómicas.

Por último, incluído nos programas de actuación en materia de infraestruturas, dispónse dunha dotación de 48 millóns de euros de natureza transversal dedicada a mellorar as condicións ambientais das estradas, optimizar o uso de materiais, potenciar o emprego de subprodutos, a reciclaxe e a optimización dos impactos ambientais, establecendo mecanismos para minimizar ruídos, contaminación e efectos barreira, entre outros

Peaxes

Á marxe das actuacións en infraestruturas, e como una peza fundamental do Plan MOVE, artícuase o programa de optimización das peaxes nas autoestradas autonómicas, co que se tratará de garantir que a peaxe non sexa unha barreira para a mobilidade dos galegos. Nese sentido artícuase unha liña orzamentaria de subvención ligada á mobilidade obrigada, que é aquela que fai referencia ao desprazamento do domicilio ao traballo e viceversa, así como aquela ligada ao desprazamento como consecuencia da necesidade dun servizo básico.

Esta liña, dotada con 22 millóns de euros no período do Plan, establecerá un sistema de bonificación ligado ao uso da telepeaxe, tal e como se fai en múltiples autoestradas de España.

Recursos orzamentarios

A suma de todas as programacións indicadas tradúcese nun investimento ata o 2015 de 4.192 millóns de euros que se encaixa dentro dos escenarios orzamentarios que a actual situación de crise fai prever.

A consecución do obxectivo planificador alcanzarase mediante a mobilización de 3.109 millóns de euros de financiamento orzamentario, aos cales hai que engadir 1.083 de financiamento extraorzamentario, que se concreta na utilización dos mecanismos que permiten a concesión de obra pública, a creación da Axencia Galega de Estradas, a utilización de sistemas de financiamento mediante sociedades instrumentais participadas pola Xunta e o resto de mecanismos como os que propón a Administración central para as autovías de primeira xeración ou as novas liñas de Ave.

A XUNTA FACILITARÁ O ACCESO Á FORMACIÓN DE PARADOS SEN PRESTACIÓN E SEN SUBSIDIOS CON AXUDAS DE ATA 350 EUROS

- *O Consello da Xunta aproba unha orde de subvencións, incluída no Plan de Choque, dotada cun total de 750.000 euros*
- *Poderán beneficiarse un total de 750 persoas en situación de desemprego*
- *O Goberno galego facilitará a mobilidade xeográfica para aquelas persoas que atopen un traballo fóra da súa residencia, cubrindo gastos de desprazamento, de transporte de mobiliario, de aloxamento e de escola infantil e atención a persoas dependentes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova liña de axudas para impulsar o emprego de parados sen prestación, facilitando o seu acceso á formación a través de itinerarios personalizados de inserción (IPI). Para este fin a Xunta destinará un total de 750.000 euros, cantidade coa que se prevé se poidan beneficiar 750 persoas en situación de desemprego.

A axuda económica para estas persoas será de 350 euros por mes ou a parte proporcional dos períodos inferiores durante un máximo de tres meses, que se computará de forma continuada desde o inicio da primeira acción de orientación.

Os beneficiarios serán desempregados ou desempregadas rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia que non perciban ningún tipo de prestación ou subsidio, renda agraria ou activa de inserción e que carezan de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao IPREM mensual vixente en cada momento (na actualidade sitúase en 533 euros).

Deberán ademais ter experiencia laboral e graves problemas para empregarse e participar en accións de orientación desenvoltas polo Servizo Público de Emprego de Galicia ou polas entidades que colaboran nestas tarefas coa Administración autonómica. Neste senso, é importante que no seu itinerario personalizado de inserción se determine a necesidade de participar en grupos específicos na procura de emprego que impliquen a súa dispoñibilidade e especial dedicación para a súa presentación a ofertas de emprego.

O técnico orientador deberá prestarlles unha atención individualizada e realizará un seguimento e actualización do seu itinerario de inserción laboral e informará sobre o cumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para o acceso e mantemento das subvencións por procura de emprego previstas nesta orde.

Estas axudas outorgaranse ata esgotar o crédito dispoñible, polo que se calcula poidan chegar ata as 750 persoas. Os prazos para solicitar a subvención será desde a selección como posible beneficiario ou beneficiaria polo Servizo Público de Emprego de Galicia ou polas entidades colaboradoras e ata tres meses desde a incorporación ao grupo específico de procura de emprego, sendo o último pagamento a data 10 de decembro de 2009.

Axudas á mobilidade

Así mesmo, esta orde aprobada hoxe recolle a concesión de subvencións a traballadores e traballadoras en situación de desemprego para facilitar a súa mobilidade xeográfica e a súa participación en accións de orientación con cargo ao Plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral.

Neste caso, os beneficiarios deberán cumprir dous requisitos fundamentais: que a localidade de destino onde se sitúe o posto de traballo se atope a máis de 100 quilómetros do punto de orixe e que a contratación sexa indefinida ou temporal cunha duración efectiva igual ou superior a seis meses.

Neste caso haberá catro liñas de axudas. A de desprazamento está destinada a cubrir os gastos do traslado desde a localidade de orixe ao novo destino do beneficiario ou beneficiaria e dos familiares ao seu cargo que convivan con el ou ela. Estas subvencións non poderán superar a contía de 4 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente.

En segundo lugar, a subvención cubre os gastos de transporte de mobiliario e aparellos coas mesmas condicións que o destinado ao desprazamento.

Ademais, o Goberno galego tamén subvenciona os gastos de aloxamento xerados durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato, incluíndo o aluguer, a adquisición de vivenda ou outros gastos de hospedaxe do beneficiario ou beneficiaria e dos seus familiares. Neste caso, a contía máxima da axuda será de 10 veces o IPREM mensual vixente.

Por último, a orde para facilitar a mobilidade xeográfica dos desempregados e desempregadas inclúe axudas para pagar a gardaría e a atención a persoas dependentes. Cubriranse os gastos xerados pola asistencia a escolas infantís ou outros centros durante o primeiro ciclo de educación infantil dos fillos e fillas que dependan economicamente do beneficiario ou beneficiaria, así como os derivados da atención das persoas dependentes o seu cargo durante os 12 primeiros meses de vixencia do contrato. A contía máxima da axuda será 4 veces o IPREM mensual vixente.